

Solucións aos comentarios de Curros Enríquez

“O maio”

1. O maio que gustaría de celebrar o falante lírico, de que elementos estaría libre?

O maio (a alegría vital, a prosperidade) chegaría se non houbese:

- Supersticións (“sin bruxas nin demos”)
- Explotación no traballo (“un maio sin segas”)
- Abusos económicos e fiscais (“usuras”, “portas”, “foros”)
- Militarismo imposto (“sin quintas”)
- Discordias entre iguais determinadas pola pobreza (“preitos”)
- Fanatismo e intolerancia relixiosa (“sin cregos”)

2. Este poema é costumista ou social? Razona a túa resposta de acordo coa tipoloxía temática da obra (*Aires da miña terra*) e coa función que lle outorga o autor á poesía.

Trátase dun poema social, pois denuncia a miseria que sofre o pobo e os seus causantes. O alegato parte dun costume tradicional (a festa dos maios, coa cativada a pedir polas casas ao tempo que canta), mais o falante lírico non se limita a “fotografalo”; ao contrario, transmite a idea de que o dominio e as condicións impostas (o inverno) atentan ata contra as celebracións milenarias.

[Os únicos poemas costumistas de Curros son “Unha voda en Einibó”, “O gaiteiro” e “A virxe do Cristal”]

“Aos mozos”

1. O poema fai un retrato da situación do rural galego no XIX. Que trazos a caracterizan?

- O despoboamento do rural por mor da emigración: a feira sen xente, sen brazos o campo, sen nenos a escola.
- O atraso e o abandono da actividade agro-gandeira: a terra sen froitos, sen flor a semente...
- A miseria e a fame: sen pan os labregos, un ano de fame sombría.
- A presión fiscal do Estado e foral da Igrexa: mandas fementas de lobos...

2. A quen cres que denomina Curros “lobos d’a terra” e “lobos d’os ceos”?

Lobos da terra: os membros da sociedade civil que abusaban da clase labrega: cobradores do foro, cobradores de impostos, usureiros, funcionarios, notarios, etc.

Lobos do ceo: os membros do estamento eclesiástico, cobradores de dezmos e outras cargas.

3. Sobre quen fai descansar Curros a posibilidade dun cambio na situación? Por que?

O cambio poderá provir dos mozos con conciencia e valor. Son aqueles que (aínda) non emigraron e son quen de usar a forza na defensa do seu futuro.